

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*RESOLUCIÓN do 12 de maio de 2014, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta secretaría xeral no primeiro cuadrimestre de 2014.*

O artigo 11.1 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega (*Diario Oficial de Galicia* nº 136, do 14 de xuño), impón a cada consellería ou entidade da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración subscritos no cuadrimestre anterior.

En consecuencia, e para lle dar cumprimento a esa obriga,

DISPOÑO:

Artigo único

Darlle publicidade á relación dos convenios subscritos pola Secretaría Xeral da Emigración nos meses de xaneiro, febreiro, marzo e abril do ano 2014, que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2014

Antonio Rodríguez Miranda  
Secretario xeral da Emigración

#### ANEXO

Asinantes	Obxecto	Importe (euros)	Data da sinatura
Convenio co Centro Gallego de Mar del Plata	Contribuír á atención das necesidades socioasistenciais básicas dos cidadáns galegos residentes en Arxentina	30.000,00 €	18.3.2014
Convenio co Hogar Gallego para Ancianos en Bos Aires. DOMSELAR	Contribuír á atención das necesidades socioasistenciais básicas dos cidadáns galegos	40.000,00 €	18.3.2014
Convenio coa Federación de Sociedades Galegas de Cuba. Oficina de Información	Mantemento da oficina de información e asesoramento en Cuba e puntos de información provincial	45.000,00 €	8.4.2014



Asinantes	Obxecto	Importe (euros)	Data da sinatura
Convenio coa Sociedade dos Anciaos para Asilo da Velhice Desemparrada. Río de Janeiro-Brasil	Contribuír á atención das necesidades socioasistenciais básicas dos cidadáns galegos	20.000,00 €	31.3.2014
Convenio coa Sociedade Beneficente Rosalía de Castro de São Paulo-Brasil	Contribuír á atención das necesidades socioasistenciais básicas dos cidadáns galegos	12.000,00 €	22.4.2014
Convenio coa Sociedade de Socorros Mútuos e Beneficente Rosalía de Castro	Contribuír á atención das necesidades socioasistenciais básicas dos cidadáns galegos residentes en Santos-Brasil	12.000,00 €	22.4.2014

